



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Organización e Autonomía dos Centros Escolares	Código	652536001	
Titulación	Máster Universitario en Dirección, Xestión e Innovación de Institucións Escolares			
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	3
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Pedagogía e Didáctica			
Coordinación	Espido Bello, Xosefa Eva	Correo electrónico	eva.espido.bello@udc.es	
Profesorado	Espido Bello, Xosefa Eva	Correo electrónico	eva.espido.bello@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>A materia "Organización e Autonomía dos Centros Escolares" impártese no 1º cuatrimestre.</p> <p>Esta materia busca desenvolver no alumnado capacidades de análise, avaliación, interpretación, actuación e reflexión sobre a organización e a autonomía dos centros escolares. Pártese de que os centros son institucións complexas, reguladas por normas comúns, pero tamén dotados de características singulares que requiren da elaboración, desenvolvemento e seguimento de proxectos educativos propios. Isto fai que sexan espazos privilexiados para o desenvolvemento profesional e institucional, a práctica da democracia e o compromiso constante coa mellora da educación e coa equidade.</p> <p>Con ela búscase comprender en que consiste a autonomía e que marxe de autonomía teñen en España e noutros países europeos os centros escolares. Así mesmo, preténdese reflexionar sobre o modelo de dirección máis axeitado para promovela, as súas implicacións para o funcionamento dos centros, a medida en que permite responder á diversidade do alumnado e favorecer o desenvolvemento profesional do profesorado e o compromiso co funcionamento democrático dos centros e coa equidade. O seu contido garda relación con boa parte das asignaturas do Mestrado.</p>			



<b>Plan de continxencia</b>	<p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>Non se realizarán cambios.</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>Todas, coas adaptacións necesarias (mencionadas no apartado de atención personalizada), no caso de que se precise pasar á docencia non presencial.</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>Ningunha.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Correo electrónico: para consultas puntuais e para solicitar titorías virtuais.</li> <li>- Moodle: para informar de novas, facilitar materiais, entregar tarefas e realizar probas.</li> <li>- Teams: para as sesións maxistras e debates, en grande grupo, e para as sesións de traballo, en pequenos grupos, nas franxas horarias asignadas á materia, co fin de promover a aprendizaxe colaborativa e o seguimento do traballo. Tamén se utilizará esta ferramenta para a realización das titorías individuais ou en pequeno grupo (previamente concertadas a través do correo electrónico).</li> </ul> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>As probas realizaranse a través de Moodle. Empregarase Teams como ferramenta de apoio ao exame.</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <p>Non se realizarán cambios. O alumnado deberá recoller en reprografía, ao comezo do cuadrimestre, o dossier de documentación elaborado para traballar a materia, adquirir os libros de lectura obrigatoria que se propoñan e descargar a lexislación que se indica no dossier e a bibliografía que se facilita a través de Moodle.</p>
-----------------------------	---

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A1	E1: Examinar e interpretar a normativa aplicable aos centros docentes.
A2	E2: Fomentar a participación da comunidade educativa e a promoción da imaxe externa.
B1	CB6: Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, en moitas ocasións nun contexto de investigación.
B2	CB7: Que o estudantado saiba aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
B3	CB8: Que o estudantado sexa capaz de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
B4	CB9: Que o estudantado saiba comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades.
B5	CB10: Que o estudantado posúa as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida autodirixido ou autónomo.
B6	G1: Analizar, organizar, xestionar e interpretar a información e a toma de decisións.
B10	G5: Organizar, xestionar e coordinar un centro docente.
B16	G11: Integrar coñecementos e perspectivas para exercer a función directiva de maneira informada, xusta, crítica, comprometida, democrática, distribuída e solidaria.
C1	T1: Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas línguas oficiais da comunidade autónoma.



C3	T3: Empregar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercizo da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C7	T7: Desenvolver a capacidade de traballar en equipos interdisciplinares ou transdisciplinares, para ofrecer propostas que contribúan a un desenvolvemento sostible ambiental, económico, político e social.
C9	T9: Ter a capacidade de xestionar tempos e recursos: desenvolver plans, priorizar actividades, identificar as críticas, establecer prazos e cumprilos.

Resultados da aprendizaxe				
Resultados de aprendizaxe		Competencias do título		
Ao rematar con éxito esta asignatura o alumnado será capaz de:		AM1	BM1	CM1
- Interpretar e aplicar a normativa relativa á organización dos centros escolares.		AM2	BM2	CM3
- Analizar o papel da dirección na organización e funcionamento do centro.			BM3	CM7
- Analizar e propoñer órganos de participación, goberno e coordinación dos centros escolares.			BM4	CM9
- Promover a participación da comunidade educativa no deseño, desenvolvemento e avaliación do proxecto educativo do centro.			BM5	
- Reflexionar sobre a incidencia da autonomía na actividade dos centros escolares, nos resultados escolares e no desenvolvemento profesional e institucional.			BM6	
			BM10	
			BM16	

Contidos	
Temas	Subtemas
- O centro como organización: Marco normativo e autonomía dos centros escolares.	
- Funcións e responsabilidades da dirección: A dirección como promotora do proxecto educativo de centro.	
- Estruturas de planificación e de coordinación.	
- Autonomía, participación e democracia.	
- Autonomía, desenvolvemento profesional e institucional e compromiso coa equidade en educación.	

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 B1 B16	5	5	10
Lecturas	B3 B5 B6	2	10	12
Aprendizaxe colaborativa	A2 B2 B10 C3 C7 C9	4	4	8
Discusión dirixida	A2 A1 B4 B6 C1	4	4	8
Proba mixta	A1 B1 B2 B3 B4 B5 B6 C1 C3 C9	1	9	10
Traballos tutelados	A2 A1 B2 B3 B4 B5 B6 B10 C1 C3 C7 C9	5	20	25
Atención personalizada		2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Sesión maxistral	Esta metodoloxía emprégase para presentar o plano de traballo da asignatura, introducir e/ou expoñer os contidos básicos de cada un dos temas da guía docente, formular cuestións para aprofundar neles e proporcionarlle ao estudiantado orientacións para a elaboración das actividades, probas e traballos solicitados.
Lecturas	Con esta metodoloxía búscase promover o hábito lector, para fundamentar o traballo, as reflexións, as accións e a toma de decisións. Estas lecturas faranse, fundamentalmente, fóra do horario de clase.
Aprendizaxe colaborativa	A aprendizaxe colaborativa está orientada a promover a colaboración docente na definición e resolución de problemas educativos, na planificación, na elaboración de propostas organizativas, etc. de cara a favorecer o funcionamento democrático nos centros, o seu propio desenvolvemento profesional, o desenvolvemento institucional e o compromiso coa equidade na educación.
Discusión dirixida	Mediante esta metodoloxía búscase analizar e poñer en común parte dos contidos traballados na asignatura, co obxecto de favorecer a construción dunha visión crítica das diferentes formas de interpretar a realidade educativa. Estes debates realizaranse a partir do contido das fontes seleccionadas como material de traballo obrigatorio. Con carácter xeral, ese material deberá ser preparado fóra do horario de clase.
Proba mixta	A proba pode conter diferentes tipos de preguntas que requiren establecer relacións entre os contidos traballados coas distintas metodoloxías empregadas durante o cuadrimestre.
Traballos tutelados	Esta metodoloxía está orientada á realización, en pequeno grupo, dun traballo escrito, seguindo as orientacións dadas. Este traballo iníciase na aula e completase mediante o traballo autónomo do alumnado. Os resultados acadados presentaranse na clase. Implicará a análise e relación de contidos da documentación traballada.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe colaborativa Traballos tutelados Proba mixta	<p>A atención personalizada á que se refiren estas metodoloxías concíbese, en xeral, como momentos de traballo presencial, individual ou grupal, que se poderán complementar co uso de ferramentas como correo-e, Moodle e Teams- co profesorado da materia. Irase concretando a medida que se desenvolve a materia, en función das necesidades detectadas.</p> <p>O alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial segundo establece a "NORMA QUE REGULA O RÉXIME DE DEDICACIÓN AO ESTUDO E A PERMANENCIA E A PROGRESIÓN DOS ESTUDANTES DE GRAO E MESTRADO UNIVERSITARIO NA UDC" desenvolverá a súa actividade coa asistencia e participación nas dinámicas que se recollen no Paso 4 e na "Atención personalizada" descrita para a "Aprendizaxe colaborativa" os "Traballos tutelados" e a "Proba mixta".</p>

## Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Aprendizaxe colaborativa	A2 B2 B10 C3 C7 C9	Valorarase a capacidade para organizar o traballo do grupo, para definir e resolver problemas educativos, para planificar, para elaborar propostas organizativas, etc. que favorezan o funcionamento democrático nos centros, o propio desenvolvemento profesional, o desenvolvemento institucional e o compromiso coa equidade na educación. Neste apartado terase en conta a asistencia e a participación activa na actividade da clase, nos debates, na elaboración de propostas, etc.	20



Traballos tutelados	A2 A1 B2 B3 B4 B5 B6 B10 C1 C3 C7 C9	Nos traballos valoraranse os seguintes aspectos: <b>ELABORACIÓN:</b> - Estrutura: presentación, organización do contido, claridade expositiva e corrección gramatical. - Contido: Comprensión de ideas básicas, dominio conceptual, uso das fontes traballadas no tratamento dos contidos ao longo do cuadrimestre e relacións entre eles.  <b>EXPOSICIÓN E DEFENSA:</b> - Relevancia e organización dos contidos expostos. - Coordinación da exposición (que reflicta un traballo colaborativo, non unha suma de partes). - Nivel de comprensión dos contidos básicos. - Claridade expositiva. - Capacidade de argumentación.	40
Proba mixta	A1 B1 B2 B3 B4 B5 B6 C1 C3 C9	A proba consistirá en dar resposta a varias cuestións que implicarán un tratamento global e integrado dos contidos abordados na materia ao longo do cuadrimestre. Terá carácter individual.	40

### Observacións avaliación

Requisitos para superar a materia (para o alumnado con dedicación a tempo completo e para o que ten recoñecida a dedicación a tempo parcial):

- Asistir e participar regularmente nas actividades da clase (asistencia mínima do 80%).
- Obter unha puntuación do 50% do peso de cada unha das partes obxecto de avaliación (aprendizaxe colaborativa, traballos tutelados e proba mixta).

-  
Entregar, expoñer e defender os traballos tutelados na data que se indique, que será previa á do exame oficial. Para presentarse ao exame é condición indispensable ter entregado e defendido o traballo. Recoméndase enviar os traballos telematicamente e, de non ser posible, non utilizar plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores. Débese facer un uso sostible dos recursos e prever impactos negativos sobre o medio natural. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.

- A convocatoria da segunda oportunidade estará sometida aos mesmos requisitos que a de xaneiro.

### Fontes de información



## Bibliografía básica

Álvarez Álvarez, Carmen (2019). La gestión de un centro de educación secundaria. Un estudio cualitativo con directores en Cantabria. *EDMETIC, Revista de Educación Mediática y TIC*, 8(2), 37-51. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/descarga/articulo/7042743.pdf>

Antúnez Marcos, S. (2009). El sentido de la dirección en una escuela democrática. *Escuelas para la democracia: Cultura, organización y dirección de instituciones educativas* (1st ed., pp. 209-228) Wolters Kluwer. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/extart?codigo=2933832>

Antúnez Marcos, Serafín (1994). La autonomía de los centros escolares, factor de calidad educativa y requisito para la innovación. *Revista de Educación*, (304), 81-111. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/extart?codigo=19023>

Báez de la Fé, Bernardo F., Cabrera Rodríguez, Leopoldo J., Noda Rodríguez, María del Mar e Santana Armas, Francisco G. (2011). Proyecto educativo y gobierno escolar: De la indulgencia profesional y administrativa al compromiso con la mejora de la enseñanza. *Revista de la Asociación de Sociología de la Educación-RASE*, 4(3), 369-391. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/descarga/articulo/5144520.pdf>

Barroso, João (2004). La autonomía de las escuelas en el contexto de cambio de los modos de regulación de las políticas y de la acción educativa: El caso portugués. *Revista de Educación*, (333), 117-140. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/extart?codigo=856256>

Barroso, João (2005). Liderazgo y autonomía de centros educativos. *Revista Española de Pedagogía*, 63(232), 423-442. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/descarga/articulo/1373226.pdf>

Bolívar Botiá, Antonio (2004). La autonomía de centros escolares en España: Entre declaraciones discursivas y prácticas sobrerreguladas. *Revista de Educación*, (333), 91-116. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=856254&orden=0&info=link>

Bolívar Botiá, Antonio (2010). La autonomía de los centros educativos en España. *Participación Educativa*, (13), 8-25. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=4946955&orden=1&info=link>

Bolívar Botiá, Antonio (2013). Autonomía de los centros y participación en el contexto actual. *Participación Educativa*, 2(2), 81-88. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=4946955&orden=1&info=link>

Bolívar Botiá, Antonio (2019). Una dirección escolar con capacidad de liderazgo pedagógico. Madrid: La Muralla.

Calero Martínez, Jorge (2010). La autonomía de los centros escolares y su relación con la equidad. *Participación Educativa*, (13), 88-94. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/extart?codigo=4936015>

Candeias Martins, Ernesto (2009). Autonomia e gestão democrática das escolas portuguesas no contexto da descentralização. *Educação e História: Revista D'História De L'Educação*, (14), 95-125. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/descarga/articulo/3429791.pdf>

Ceballos López, Noelia, e Sáiz Linares, Ángela (2020). ¿Es posible la mejora educativa desde los centros?: El papel de la organización escolar en los procesos internos de cambio. *Aula Abierta*, 49(2), 151-158. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=7500114&orden=0&info=link>

Clemente Linuesa, M. (1999). ¿Es posible una cultura de colaboración entre el profesorado? *Revista de Educación*, (320), 205-221. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/extart?codigo=19293>

Collet, Jordi e Tort Antoni (Coord.) (2016). La gobernanza escolar democrática: Más allá de los modelos neoliberal y neoconservador. Barcelona: Morata.

Díaz Alcaraz, Francisco, e Díaz Canals, Ana Belén (2001). La flexibilización de los tiempos escolares: Una cuestión de autonomía de los centros docentes. *Ensayos: Revista de la Facultad de Educación de Albacete*, (16), 149-158. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/descarga/articulo/2282620.pdf>

Duru Bellat, Mairé (2004). Debates y prácticas en materia de elección de centros escolares en los países europeos y los estados unidos. *Revista de Educación*, (333), 41-58. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=856252&orden=0&info=link>

Escarbajal Frutos, Andrés (2015). Comunidades interculturales y democráticas: Un trabajo colaborativo para una sociedad inclusiva. Madrid: Narcea.

Essomba Gelabert, M. À. (2006). Liderar escuelas interculturales e inclusivas: Equipos directivos y profesorado ante la diversidad cultural y la inmigración (1st ed.) Barcelona: Graó.

Fullan, Michael (2016). La dirección escolar: Tres claves para maximizar su impacto. Madrid: Morata.

Fullan, Michael (2019). El matiz: Por qué unos líderes triunfan y otros fracasan. Madrid: Morata.

Gairín Sallán, Joaquín (2004). La dirección escolar como promotora de los planteamientos institucionales. *Enseñanza*, (22), 159-191. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=1224133&orden=189716&info=link>

Gairín Sallán, Joaquín (2020). La organización y gestión de centros educativos: ¿una apuesta pendiente? *Avances en Supervisión Educativa: Revista de la Asociación de Inspectores de Educación de España*, (33), 35-56. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=7502025&orden=0&info=link>

García Cabrera, M. M. e Olivares García, María de los Angeles. (2017). Vivir la escuela como un proyecto colectivo: Manual de organización



de centros educativos. Madrid: Pirámide. González González, María Teresa, Portela Pruaño, Antonio e Nieto Cano, José Miguel (2006). Organización y gestión de centros escolares: Dimensiones y procesos. Pearson Educación. González González, María Teresa; Escudero Muñoz, Juan Manuel, Nieto Cano, José Miguel e Portela Pruaño, Antonio (2011). Innovaciones en el gobierno y la gestión de los centros escolares. Madrid: Síntesis. Lorente García, María Isabel (2015). Una escuela entre todos y para todos. *Participación Educativa*, 4(6), 97-106. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=5155247&orden=1&info=link>Luri Medrano, Gregorio (2020). La escuela no es un parque de atracciones: Una defensa del conocimiento poderoso. Barcelona: Ariel.

Marques Cardoso, Clementina (2004). La autonomía, los mecanismos del mercado y la democracia local: Los centros educativos entre la gobernanza pública y privada. *Revista de Educación*, (333), 59-90. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=856253&orden=0&info=link>Martínez López-Muñiz, José Luis (2004). Autonomía de los centros escolares y derecho a la educación en libertad. *Persona y Derecho: Revista de Fundamentación de las Instituciones Jurídicas y de Derechos Humanos*, (50), 447-504. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=936363&orden=378547&info=link>Meuret, Denis (2004). La autonomía de los centros escolares y su regulación. *Revista de Educación*, (333), 11-39. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=856251&orden=0&info=link>Napal Urizarbarrena, M. <sup>a</sup> Victoria. (2018). Evaluación, innovación, participación y convivencia. *Participación Educativa*, 5(8), 159-180. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=6785348&orden=0&info=link>Novillo Cicuéndez, P. P. (2009). La dirección escolar y estructura colegiada en los centros educativos: Autonomía de centros y nuevos equipos directivos. *La estructura colegiada en los centros educativos [recurso electrónico]: Trabajo coordinado y trabajo en equipo* (1st ed., pp. 87-100) Ministerio de Educación Cultura y Deporte, Secretaría General Técnica. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/xtart?codigo=3955313>Oria Segura, María Rosa (2009). ¿Es posible la autonomía escolar?: El papel de la dirección y de los proyectos de centro en los sistemas educativos francés, italiano y español. *Educación XX1: Revista de la Facultad de Educación*, (12), 151-180. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=3091397&orden=228396&info=link>Orts Delgado, Francisco (2013). Situación jurídica de las actividades extraescolares deportivas de los centros escolares públicos. *Actividad Física y Deporte: Ciencia y Profesión*, (18), 89-99. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=5802020&orden=1&info=link>Paredes Labra, Joaquín (2004). Cultura escolar y resistencia al cambio. *Tendencias Pedagógicas*, (9), 131-142. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/descarga/articulo/1142231.pdf>Pazos Jiménez, José Luis (2015). La participación necesita la implicación, pero es mucho más que eso. *Participación Educativa*, 4(7), 59-64. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=5338155&orden=1&info=link>Reviriego Romero, Matías (2013). Necesidades formativas de los directores escolares. En Ballesteros-Moscósio, Miguel-Ángel (ed. lit. ), e Ries, Francis (ed. lit. ) (Eds.), *International conference reconceptualizing the professional identity of european teacher* (1st ed., pp. 433-450) Sevilla : Copiarte, 2013. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=6004225&orden=1&info=link>Rodríguez Navarro, Henar, Gallego López, Beatriz, Sansó Galiay, Clara, Navarro Sierra, José Luis, Velicias Sánchez, Marta e Lago Salcedo, Mónica (2011). La educación intercultural en los centros escolares españoles. *Revista Electrónica Interuniversitaria de Formación del Profesorado*, 14(1), 101-112. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/descarga/articulo/3678774.pdf>Sancho Gargallo Miguel Ángel y Esteban Villar, Mercedes (Dir.) (2009). La autonomía de los centros educativos. VI Encuentros sobre Educación en el Escorial. Madrid. Comunidad de Madrid. Sancho Gargallo, Miguel Ángel (2014). Posición de las comunidades autónomas ante la autonomía escolar de los centros públicos. *Revista de Educación*, (366), 64-86. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=4830911&orden=1&info=link>Sancho Gargallo, Miguel Ángel (2016). Reflexiones sobre la autonomía de la escuela pública. *Revista Aragonesa de Administración Pública*, (47), 276-294. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/descarga/articulo/5728767.pdf>Santos Guerra, M. Á. (2000). La escuela que aprende. Madrid: Morata. Santos Guerra, M. Á. (2007). Enseñar o el oficio de aprender: Organización escolar y desarrollo profesional (1st ed.) Rosario, Argentina: Homo Sapiens. Santos Guerra, Miguel Ángel (2015). Las feromonas de la manzana: El valor educativo de la dirección escolar. Barcelona: Graó. Torres Santomé, Jurjo (2010). Justicia curricular. El caballo de Troya de la cultura escolar. (Capítulo III. Los centros escolares y las familias en las sociedades democráticas (pp. 271-294). Viñao Frago, Antonio (1994). *Sistemas educativos y espacios de poder:*

Teorías, prácticas y usos de la descentralización en España. *Revista Iberoamericana De Educación*, (4), 29-64. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=1019420&orden=28187&info=linkWhitaker>, Todd (2020). *What great principals do differently*. New York: Routledge. Woycikowska, Colette (Coord.), (2008). *Cómo dirigir un centro educativo: Guía para asumir las funciones del director* (1st ed.) Barcelona: Graó. Zaitegi de Miguel, N. (2018). *Proyectos compartidos por la comunidad educativa*. *Participación Educativa*, 5(8), 69-78. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=6785342&orden=0&info=linkLexislación> (Listaxe que se incluirá no dossier de documentación e que o alumnado se encargará de buscar e descargar).





Bibliografía complementaria	
-----------------------------	--

Recomendacións
----------------

Materias que se recomenda ter cursado previamente
---

Materias que se recomenda cursar simultaneamente
--

Materias que continúan o temario
----------------------------------

Observacións
--------------

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías